

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación de Clarinete

Curso 2022-2023



Índice

1. Introducción	3
2. Metodoloxía.....	4
3. Atención á diversidade	5
4.Temas transversais.....	6
4.1 Educación en valores.....	6
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	7
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	8
6. Secuenciación do curso	9
6.1 Curso: 1º G.E.....	9
6.2 Curso: 2º G.E.....	15
6.3 Curso: 3º G.E.....	23
6.4 Curso: 4º G.E.....	31
6.5 Curso: 1º G.P.....	37
6.6 Curso: 2º G.P.....	44
6.7 Curso: 3º G.P.....	52
6.8 Curso: 4º G.P..	59
6.9 Curso: 5º G.P.....	66
6.10 Curso: 6º G.P.....	74
7. Procedementos de avaliación e seguimiento da programación didáctica.....	82
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	83
9. ANEXOS.....	84
9.1 Probas de acceso a 1º de grao profesional	84
9.2 Probas de acceso a outros cursos	85
9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	94

1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas para a nosa comunidade autónoma no posterior *Decreto 198/2007 do 27 de setembro de 2007, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música*.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Así mesmo, a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e se definen no marco da nosa comunidade no *Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música*.

A presente programación da concreción a ditos decretos a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

2. Metodoloxía

A clase semanal cun só alumno permite facer un seguimento individualizado do alumnado tanto en rendemento como na progresión no seu estudo. Dito seguimento permitirá a adecuación e personalización dos procedementos e actividades a desenvolver en función das necesidades, progreso e capacidades do/a alumno/a.

Tendo en conta que a clase consta dunha hora semanal, tempo que queda escaso especialmente nos/as alumnos/as dos cursos más avanzados, a optimización das sesións deberá ser unha prioridade. Polo tanto, parte do tempo de clase dedicarase a fomentar hábitos e ferramentas que potencien a autonomía no estudo individual tanto en aspectos técnicos como nos musicais.

Doutro lado, a puntualidade é un aspecto importante na dita optimización do tempo, polo que tratarase de formar una conciencia da importancia da mesma na necesidade de previsión xa que a montaxe, desmontaxe e transporte do instrumento require dun certo tempo.

Fomentar o interese e respecto polo seu tempo persoal de estudo, concienciar da importancia da realización das tarefas encomendadas para casa e establecer uns métodos e hábitos de estudo eficientes serán obxectivos prioritarios a desenvolver no/a alumno/a. A potenciación do sentido autocrítico tanto na interpretación como na actitude diante a materia fundamentará a consecución de ditos obxectivos.

A vocación do/a alumnado/a é outro factor que non se debe esquecer á hora de adoptar as medidas más eficientes a aplicar en cada alumno/a. Diversos factores (idade, falta de información nas familias, etc.) poden facer que a continuidade a medio-largo prazo nos estudos musicais non estea totalmente definida. Procurarase en todo momento motivar ao alumnado de cara a un maior rendemento e a reforzar dita vocación.

O contacto coas familias dos alumnos será de vital importancia para orientar o seu papel no desenvolvemento da formación musical do/a alumno/a. Fomentarase un contacto fluído así como a valoración por parte das familias da necesidade de solicitar regularmente titorías.

Durante a primeira semana de clase levarase a cabo a **avalación inicial** do/a alumno/a, tanto en Grao Elemental como en Grao Profesional, co propósito de verificar o seu nivel de preparación para enfrentarse aos obxectivos propostos no curso matriculado.

3. Atención á diversidade

O alumnado do conservatorio procede habitualmente dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos das ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse as súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz. A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que é o conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

Adaptacións do material didáctico.

Variacións da metodoloxía.

Propoñer actividades de traballo alternativas.

Organizar o traballo de forma flexible.

Acelerar ou frear o ritmo de novos contidos

Existen, ademais, alumnos con necesidades educativas especiais: alumnos con dificultades de aprendizaxe, dificultades de adaptación social, con desordes de personalidade ou psico-social, con deficiencias físicas ou con déficit intelectual. Estes alumnos teñen unha representación especial no noso centro dende a publicación da *ORDE do 16 de decembro de 2011 pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, dun proxecto para a*

incorporación de alumnado con necesidades educativas especiais ás ensinanzas elementais de música no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

Nestes casos recorrerase, a unha adaptación curricular personalizada. Este aspecto non formula excesiva problemática no desenvolvemento do traballo diario da aula dado o carácter individual das clases instrumentais. Así pois, atenderanse diferentes estratexias que contemplen as particularidades do/a alumno/a en cuestión e que poderán incluír variación da metodoloxía, maior flexibilidade no ritmo de traballo, adaptación do material didáctico, proposta de actividades diferentes e adaptación das diferentes probas ás capacidades do/a alumno/a.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrollo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas a aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cínguese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, empregaránse co fin de complementar e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso na aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez más accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar na aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o/a alumno/a.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.



5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Os/as alumnos/as participarán nas audicións públicas da especialidade que - salvo casos de forza maior- están programadas unha por trimestre- . No caso de que o/a profesor/a considere oportuno, terán a posibilidade de participar nas audicións que organice o departamento de vento-madeira.

Para a participación nas audicións o/a alumno/a deberá contar co visto e prace do/a profesor/a e realizar polo menos un mínimo de 3/4 ensaios co pianista acompañante tendo que acordalos previamente segundo o procedemento establecido a tal efecto no centro.

Organizarase, se as circunstancias o permiten, desde o departamento ou a aula da especialidade un ou varios cursos / master-class ao longo do curso. A asistencia aos ditos cursos será sempre voluntaria aínda que dado o contido dos mesmos é recomendable.



6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º de G. E.

Obxectivos

- Aprender a montaxe do clarinete, así como a súa limpeza e mantemento.
- Coñecer o clarinete, é dicir: orixe, familia de instrumentos á que pertence e como produce o son.
- Traballar o control do aire mediante a respiración abdómino-diafragmática ou baixa.
- Adoptar unha posición corporal equilibrada de maneira que permita respirar con naturalidade e favoreza unha correcta colocación co instrumento.
- Colocar a embocadura de xeito adecuado e adoptar unha boa posición corporal.
- Emitir un son estable usando diferentes dinámicas.
- Comezar a adquirir técnicas de estudo eficaces.
- Tocar pequenas pezas tendo en conta elementos básicos na súa interpretación: fraseo, práctica de dinámicas e articulacións, tempo, ritmo... tendo en conta o nivel do/a alumno/a.
- Iniciar ao/á alumno/a na práctica de música colectiva.
- Participar nas audicións que programe o/a profesor/a ao longo de todo o curso académico.
- Desenvolver a capacidade de esforzo e superación ante as dificultades da aprendizaxe do instrumento.

Contidos

- Práctica da montaxe, limpeza e mantemento do instrumento.
- Aprendizaxe das partes do clarinete, familia á que pertence, orixe histórica e produción do son.
- Práctica de exercicios de respiración específicos para o desenvolvemento da capacidade pulmonar abdómino-diafragmática ou baixa, sen e co instrumento.



- Práctica de exercicios progresivos para a adquisición dunha correcta posición corporal e embocadura, sen e co instrumento.
- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado picado, stacatto, subliñado, acentuación...
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora de acordo ao nivel do/a alumno/a.
- Emisión e producción do son en diferentes rexistros e dinámicas.
- Aprendizaxe dunha técnica de estudo eficaz.
- Práctica de elementos básicos que interveñen no fraseo musical: dinámicas, articulación, tempo, agóxica, carácter...
- Interpretación de escalas.
- Exercicios para o desenvolvemento da memoria na interpretación musical.

Avaliación

O/a profesor/a avaliará aos seus alumnos/as tendo en conta os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliação e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliação será continua, cualitativa e integradora e o/a profesor/a valorará de forma constante o progreso dos/as alumnos/as ao longo de todo o curso, así como as probas e audicións realizadas.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliação continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións públicas.
- Realizaranse controis para reforzar ou proceso avaliativo. Realizaranse probas de aula ao final de cada trimestre.
- Os catro profesores da materia estarán presentes nas audicións públicas polo menos unha vez no curso académico, cara a ponderación das cualificacións. No



caso de que non puidera realizarse, levarase a cabo a través do visionado de vídeos de probas de aula.

Criterios de avaliación

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual nas escalas, estudos e pequenas obras seleccionadas para este nivel.
- O grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.
- A capacidade de adaptación ao grupo así como a adopción de distintos roles dentro deste: solista, acompañamento...
- A capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos de linguaxe musical, así como a capacidade para percibir e relacionar distintos elementos musicais.
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudada.
- Prestarase especial atención ao interese que mostre o/a alumno/a polo coñecemento teórico-práctico dos orixes do instrumento, familia, e do repertorio escollido así como o seu equilibrio persoal ante situacóns de estrés ou nerviosismo: probas específicas, cotoiros, audicións...

Mínimos esixibles

Para a superación do curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Participación nas audicións e probas de aula programadas polo/a profesor/a correspondente -salvo casos de forza maior-.
- Aprende Tocando o clarinete de P. Wastall, ata a unidade 12 incluída, xunto coas pequenas pezas de concerto. (Método consensuado co/a seu/súa profesor/a)
- Escoitar, ler e tocar (Vol1). Ed. DeHaske. Todo o libro. (Método consensuado co/a seu/súa profesor/a)
- Interpretación das escalas de Do M e La m.



Primeiro trimestre

- Aprende tocando el clarinete de P. Wastall (Ed.Mundimúsica). Dende a unidade 1 ata a 4 incluída. (Método consensuado co/a profesor/a).
- Escoitar, ler e tocar (Vol1). Ed. DeHaske. Da unidade 1 ata a 6 incluída. (Método consensuado co/a profesor/a)
- Unha peza breve consensuada co/a profesor/a.

Segundo trimestre

- Aprende tocando el clarinete de P. Wastall (Ed.Mundimúsica). Dende a unidade 5 ata a 8 incluída. (Método consensuado co/a profesor/a).
- Escoitar, ler e tocar (Vol1). Ed. DeHaske. Dende a unidade 7 ata a 12 incluída. (Método consensuado co/a profesor/a)
- Unha peza breve a elixir consensuada co/a profesor/a.

Terceiro trimestre

- Aprende tocando el clarinete de P. Wastall (Ed.Mundimúsica). Dende a unidade 9 ata a 12 incluída, xunto coas pequenas pezas de concerto. (Método consensuado co/a profesor/a).
- Escoitar, ler e tocar (Vol1). Ed. DeHaske. Dende a unidade 13 ata a unidade 18 incluída. (Método consensuado co/a profesor/a)
- Uhna peza breve a elixir consensuada co/a profesor/a.
- Do M e La m.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.



- Seguimento do rendemento, interacción e traballo en grupo nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións e nas probas de aula ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de aula: 30%	Audición: 30%	Traballo semanal: 40%
--------------------	---------------	-----------------------

No caso de que non se realízase algún dos apartados anteriores, só por motivos debidamente xustificados, o devandito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o/a alumno/a deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos do curso e polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que valorará as solicitudes.

O/a alumno/a interesado/a deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. O/a profesor/a-titor/a de clarinete en consenso cos demás profesores/as do/a alumno/a valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno/a.

Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliaciós suspensas

integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os/as alumnos/as que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

En caso de non ter as ferramentas necesarias para levar a cabo unha avaliación continua, o/a alumno/a terá dereito a realizar unha proba de avaliación puntual na que terá que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o seu curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do/a alumno/a.

O/a titor/a poderá preguntarlle todas as cuestiós que considere oportunas de acordo aos mínimos esixibles establecidos para ese nivel.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Aspectos técnicos	50%
Aspectos expresivos	50%

Probas extraordinarias

O/as alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación. O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Aspectos técnicos	50%
Aspectos expresivos	50%



Recursos didácticos

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do/a alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado, suplir as súas carencias e desenvolver ao máximo as súas capacidades e destrezas.

Estudos:

Aprende Tocando el Clarinete / Peter Wastall / Mundimúsica.

L'ABC du Jeune Clarinetiste vol. 1 / G. Dangain / Billaudot.

Mi Primer libro de Clarinete / J.Vicente Pérez Planells.

Enjoy Playing The Clarinet / Ruth Bonetti

Die Fröhliche Klarinette Band 1 / R. Mauz / Ed.Schott

The beginning Band Fun Book. Clarinet/ L. Newman

Obras:

Music Through Time / P. Harris / Oxford University

La Clarinette Clasique A / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre

84 Dúos / H. Voxman / Rubank Educational.

Escuchar, Leer y Tocar vol.1 / DeHaske

Die Fröhliche Klarinette Spielbuch 1/ R. Mauz / Ed.Schott

6.2 Curso: 2º de G. E.

Obxectivos

- Traballar sobre o control do aire mediante a respiración abdomino-diafragmática ou baixa.
- Coñecer os elementos que forman parte da técnica da respiración e aplícala a técnica de base do instrumento.
- Ampliar o coñecemento de elementos básicos do funcionamento e orixe do instrumento: sistema de producción do son, orixe, familia, posibilidades sonoras...



- Adoptar unha posición corporal equilibrada de maneira que permita respirar con naturalidade e favoreza unha correcta colocación co instrumento.
- Adquirir unha embocadura correcta que permita ao/ á alumno/a un control do son e da articulación.
- Traballar diferentes tipos de articulación, utilización da lingua e a respiración.
- Conseguir unha estabilidade rítmica suficiente de maneira que permita ao/á alumno/a interpretar escalas, estudos e pezas con independencia mantendo un pulso estable.
- Tocar pequenas pezas tendo en conta elementos básicos na súa interpretación: fraseo, práctica de dinámicas e articulacións, tempo, ritmo... sempre de acordo ao nivel do/a alumno/a.
- Desenvolver aspectos relacionados coa interpretación en grupo, tales como: identificación de roles, afinación, homoxeneización da articulación, equilibrio dos planos sonoros, sentido auditivo...
- Coñecer cuestións moi básicas acerca de estilos, fraseo, agóxica...
- Desenvolver a capacidade de esforzo ante ás dificultades da aprendizaxe do clarinete.
- Coñecer as escalas maiores e menores ata dúas alteracións, así como a escala cromática.
- Desenvolver técnicas e rutinas de estudio eficaces.
- Participar nas audicións que programe o/a profesor/a ao longo de todo o curso académico.

1.4.2 Contidos

- Práctica de exercicios de respiración con instrumento adoptando unha posición corporal equilibrada.
- Desenvolvimento do grao de tensión e pulo dos músculos que interveñen na respiración abdomino-diafragmática ou baixa.
- Práctica de exercicios que permitan un fortalecemento da embocadura para o correcto desenvolvimento de aspectos técnicos e interpretativos, tales como estabilidade sonora, afinación, articulación, fraseo...



- Iniciación á práctica de escalas maiores e menores ata dúas alteracións, así como a escala cromática.
- Práctica de actividades e estudos para garantir unha flexibilidade interpretativa: dixitación, articulación, agóxica, dinámicas...
- Práctica de conxunto con outros instrumentistas.
- Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
- Desenvolvemento progresivo da memoria.
- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado, picado, staccato, subliñado, acentuación...
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- Práctica de escalas e intervalos para iniciarse na consecución da calidade sonora, precisión, flexibilidade e axilidade na dixitación e interpretación de escalas, estudos e textos musicais.
- Práctica de exercicios para o desenvolvemento da memoria na interpretación musical.
- Aprendizaxe dunha técnica de estudio eficaz.

Avaliación

O/a profesor/a avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliação e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliação será continua, cualitativa e integradora e o/a profesor/a valorará de forma constante o progreso dos/as alumnos/as ao longo de todo o curso, así como as probas e audicións realizadas.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliação continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

- Avaliación continua ao longo do curso.



- Avaliación puntual nas audicións públicas.
- Realizaranse controis para reforzar ou proceso avaliativo. Realizaranse probas de aula ao final de cada trimestre.
- Os catro profesores da materia estarán presentes nas audicións públicas polo menos unha vez no curso académico, cara a ponderación das cualificacións. No caso de que non pudera realizarse, levarase a cabo a través do visionado de vídeos de probas de aula.

Criterios de avaliação

Valorarase

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual nas escalas, estudos e pequenas obras seleccionadas para este nivel.
- O grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.
- A capacidade de adaptación ao grupo así como a adopción de distintos roles dentro deste: solista, acompañamento...
- A capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos de linguaxe musical, así como a capacidade para percibir e relacionar distintos elementos musicais.
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio da obra estudiada.
- Prestarase especial atención ao interese que mostre ou/a alumno/a polo coñecemento teórico-práctico dos orixes do instrumento, familia, e do repertorio escollido así como ou seu equilibrio persoal ante situacións de estrés ou nerviosismo: probas específicas, audicións...
- Adquirir unha posición corporal adecuada e unha embocadura correcta na práctica instrumental.
- Demostrar control e nivel de mellora sobre a calidade e nivel sonoro, timbre e afinación do instrumento acordes co curso.
- Interpretar os estudos e obras programados demostrando a destreza técnica e a musicalidade propia do nivel e do repertorio traballado.



- Preparar os estudos e obras programadas para o curso respectando tempo, articulación, dinámicas e estilo acordes co curso.
- Demostrar capacidade de aprendizaxe e autonomía no estudo individual.
- Desenrolar hábitos tanto no estudo como na preparación das intervencións públicas que permitan unha maior optimización do esforzo e una maior seguridade na interpretación.
- Mostrar un coñecemento do material necesario e o seu funcionamento tanto no estudo como na interpretación.
- Mostrar unha actitude positiva fronte ao estudo e todas as actividades propostas.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel demostrando dominio das mesmas, coñecemento do protocolo nas actuacións así como capacidade de autocontrol ante o público.

Mínimos esixibles

Para a superación do curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Participación nas audicións e probas de aula programadas polo/a profesor/a correspondente -salvo casos de forza maior-.
- Aprende tocando o clarinete de P. Wastall, dende a Unidade 13 ata a 24, xunto coas pequenas pezas de concerto. (Método consensuado co seu/súa profesor/a).
- Escoitar, ler e tocar (Vol2). Ed. DeHaske. Todo o libro. (Método consensuado co/a seu/súa profesor/a).
- Interpretación das escalas: ata dúas alteracións e escala cromática. Negra=70

Primeiro trimestre

- Aprende tocando o clarinete de P. Wastall (Ed.Mundimúsica). Unidades 13 a 16 incluída. (Método consensuado co/a seu profesor/a)



- Escoitar, ler e tocar (Vol 2). Ed. DeHaske. Dende a unidade 1 ata a unidade 6 incluída. (Método consensuado co/a profesor/a)
- Unha peza breve a elixir consensuada co/a profesor/a.
- Do M-La m

Segundo trimestre

- Aprende tocando o clarinete de P. Wastall (Ed.Mundimúsica). Unidades 17 a 20 incluída. (Método consensuado co/a seu profesor/a).
- Escoitar, ler e tocar (Vol 2). Ed. DeHaske. Dende a unidade 7 ata a unidade 12 incluída. (Método consensuado co/a profesor/a).
- Unha peza breve a elixir consensuada co/a profesor/a.
- Sol M-Mi m/FaM-Rem. Escala cromática ata Si4

Terceiro trimestre

- Aprende tocando o clarinete de P. Wastall (Ed.Mundimúsica). Dende a unidade 21 ata 24 incluída, más as pezas de concerto. (Método consensuado co/a seu/súa profesor/a).
- Escoitar, ler e tocar (Vol 2). Ed. DeHaske. Dende a unidade 13 ata a unidade 18 incluída. (Método consensuado co/a profesor/a)
- Unha peza breve a elixir consensuada co/a profesor/a.
- Re M-Si m/ SibM- Sol m
- Escala cromática ata Do 5

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e traballo en grupo nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións e nas probas de aula ao longo do curso.



Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de aula: 30%	Audición: 30%	Traballo semanal: 40%
--------------------	---------------	-----------------------

No caso de que non se realizase algún dos apartados anteriores, só por motivos debidamente xustificados, o devandito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o/a alumno/a deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos do curso e polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que valorará as solicitudes.

O/a alumno/a interesado/a deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. O/a profesor/a-titor/a de clarinete en consenso cos demás profesores/as do/a alumno/a valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno/a.

Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliaciós suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliaciós que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os/as alumnos/as que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda



precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

En caso de non ter as ferramentas necesarias para levar a cabo unha avaliación continua, o/a alumno/a terá dereito a realizar unha proba de avaliación puntual na que terá que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o seu curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do/a alumno/a.

O/a titor/a poderá preguntarlle todas as cuestiós que considere oportunas de acordo aos mínimos esixibles establecidos para ese nivel.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Aspectos técnicos	50%
Aspectos expresivos	50%

Probas extraordinarias.

O/as alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación . O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Aspectos técnicos	50%
Aspectos expresivos	50%

Recursos didácticos

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do/a alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nível para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudos:



Mi Segundo libro de Clarinete / V. P. Planells.

L'ABC du Jeune Clarinetiste vol. 2 / G. Dangain / Billaudot.

Aprende Tocando el Clarinete / Peter Wastall / Rivera.

Método para Clarinete (1ª parte) / Antonio Romero / U. Musical Española

Die Fröhliche Klarinette Band 2/ R. Mauz / Ed.Schott

26 Estudos Elementais. J. Lancelot/ Ed. Trasatlantiques

Escuchar. leer y tocar Vol 2/ Ed. deHaske

Obras:

La Clarinette Clasique A / J. Lancelot – H. Classens

M. Combre. 84 Dúos/H. Voxman / Rubank Educational.

Music Through Time / P. Harris / Oxford University

El Clarinete en la Clase Colectiva vol. 1 / Ibáñez Cursá / Rivera Editores.

Die Fröhliche Klarinette Spielbuch 2/ R. Mauz / Ed.Schott .

6.3 Curso: 3º de G. E.

Obxectivos

- Coñecer o concepto de afinación e dos medios dos que dispoñemos para corrixir a mesma.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control d'a afinación e ou perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Consolidar unha posición corporal equilibrada de maneira que permita ao/á alumno/a a interpretación fluída de escalas, estudos e obras.
- Controlar a embocadura de maneira que facilite unha correcta interpretación, emisión, flexibilidade do son, afinación...
- Traballar as diferentes formas de articulación e emisión para afianzar o seu control: legato, picados, stacattos, apoios, acentos...



- Desenvolver a capacidade de integración e adaptación nun grupo musical: identificación de roles, afinación, homoxeneización da articulación, equilibrio planos sonoros, sentido auditivo...
- Practicar diferentes dinámicas progresivas en favor dunha interpretación non monótona das obras.
- Traballar o concepto de afinación e os medios dos que dispoñemos para corrixir a mesma.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Memorizar fragmentos musicais breves.
- Practicar a lectura a 1^a vista de textos musicais de dificultade acorde ao curso.
- Participar nas audicións programadas durante o curso polo/a profesor/a correspondente.
- Executar as distintas pezas tendo en conta elementos básicos na súa interpretación: fraseo, práctica de dinámicas e articulacións, tempo, ritmo... sempre de acordo ao nivel do/a alumno/a.
- Coñecer cuestións moi básicas acerca de estilos, fraseo, agóxica...
- Desenvolver a capacidade de esforzo ante ás dificultades do aprendizaxe do clarinete.
- Coñecer as escalas maiores e menores ata tres alteracións, así como a escala cromática en diferentes articulacións.

Contidos

- Práctica de exercicios de respiración con instrumento adoptando unha posición corporal equilibrada e fluidez na interpretación.
- Desenvolvemento do grao de tensión e pulo dos músculos que interveñen na respiración abdomino-diafragmática ou baixa.
- Práctica de exercicios que permitan un fortalecemento da embocadura para o correcto desenvolvemento de aspectos técnicos e interpretativos, tales como estabilidade sonora, afinación, articulación, fraseo...

- Práctica de escalas maiores e menores ata tres alteracións, así como a escala cromática en diferentes articulacións.
- Práctica de actividades e estudos para garantir unha flexibilidade interpretativa: dixitación, articulación, agóxica, dinámicas...
- Práctica de conxunto con outros instrumentistas, garantindo a adaptabilidade e integración nun grupo musical.
- Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
- Interpretación dun repertorio moi básico de obras ou pequenas pezas pertencentes a distintas épocas e estilos, en grupo e como solista.
- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado picado staccatto, subliñado, acentuación...
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- Práctica de escalas e intervalos para iniciarse na consecución da calidade sonora, precisión, flexibilidade e axilidade na dixitación e interpretación de ecsalas, estudos e textos musicais.
- Práctica de exercicios para o desenvolvemento da memoria na interpretación musical.
- Aprendizaxe dunha técnica de estudio eficaz.

Avaliación

O/a profesor/a avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o/a profesor/a valorará de forma constante o progreso dos/as alumnos/as ao longo de todo o curso, así como as probas e audicións realizadas.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.



- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións públicas.
- Realizaranse controis para reforzar ou proceso avaliativo. Realizaranse probas de aula ao final de cada trimestre.
- Os catro profesores da materia estarán presentes nas audicións públicas polo menos unha vez no curso académico, cara a ponderación das cualificacións. No caso de que non puidera realizarse, levarase a cabo a través do visionado de vídeos de probas de aula.

Criterios de avaliação

Valorarase:

- A capacidade de aprendizaxe progresiva individual nas escalas, estudos e pequenas obras seleccionadas para este nivel.
- O grao de consecución dos obxectivos e contidos propostos.
- A capacidade de adaptación ao grupo así como a adopción de distintos roles dentro deste: solista, acompañamento...
- A capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos de linguaxe musical, así como a capacidade para percibir e relacionar distintos elementos musicais.
- A capacidade de memoria, autocontrol e dominio dá obra estudada.
- Prestarase especial atención ao interese que mostre ou/a alumno/a polo coñecemento teórico-práctico dous orixes do instrumento, familia, e do repertorio escollido así como ou seu equilibrio persoal ante situacíons de extrés ou nerviosismo: probas específicas, audicións...
- Realizaranse controis para reforzar ou proceso avaliativo.



Mínimos esixibles

Para a superación dun curso será imprescindible acadar uns mínimos, quedando establecidos como mínimos esixibles os seguintes:

- Participación nas audicións e probas de aula programadas polo/a profesor/a correspondente -salvo casos de forza maior-.
- 25 Estudios Fáciles e progresivos de J. Lancellot, na súa totalidade.
- Tres das obras programadas no curso, consensuadas co/a profesor/a
- Escalas maiores e menores ata tres alteracións e a escala cromática ata Mi sobreagudo. Negra= 80

Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

Primeiro trimestre

- Escalas maiores e menores ata unha alteración e a escala cromática en toda a extensión coñecida con diferentes articulacións.
- 25 Estudios Fáciles e progresivos, J. Lancellot. Do estudo número 1 ata o número 9.
- Unha obra a elixir, consensuada co/a profesor/a

Segundo trimestre

- Escalas maiores e menores ata dúas alteracións e a escala cromática en toda a extensión coñecida con diferentes articulacións.
- 25 Estudios Fáciles e progresivos, J. Lancellot. Do estudo número 10 ata o 17.
- Unha obra a elixir, consensuada co/a profesor/a.

Terceiro trimestre

- Escalas maiores e menores ata tres alteracións e a escala cromática en toda a extensión coñecida con diferentes articulacion.
- 25 Estudios Fáciles e progresivos, J. Lancellot. Do estudo número 18 ata o 25.
- Una obra a elixir, consensuada co profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións e nas probas de aula ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de aula: 30%	Audición: 30%	Traballo semanal: 40%
--------------------	---------------	-----------------------

No caso de que non se realizase algún dos apartados anteriores, só por motivos debidamente xustificados, o devandito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirse proporcionalmente.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o/a alumno/a deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos do curso e polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que valorará as solicitudes.

O/a alumno/a interesado/a deberá solicitar dita ampliación de matrícula na secretaría do centro. O/a profesor/a-titor/a de clarinete en consenso cos demás profesores/as do/a alumno/a valorará a posibilidade de promoción a un curso superior por parte do alumno/a.

Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliaciós suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliaciós que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o/a alumno/a obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os/as alumnos/as que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

En caso de non ter as ferramentas necesarias para levar a cabo unha avaliación continua, o/a alumno/a terá dereito a realizar unha proba de avaliación puntual na que terá que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o seu curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do/a alumno/a.

O/a titor/a poderá preguntarlle todas as cuestiós que considere oportunas de acordo aos mínimos esixibles establecidos para ese nivel.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Aspectos técnicos	50%
Aspectos expresivos	50%

Probas extraordinarias.

O/as alumnos/as que non superen o curso terán dereito a un exame de recuperación . O programa a interpretar será o mínimo esixible para o curso. O titor será quen actúe como tribunal examinador.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:



Aspectos técnicos	50%
Aspectos expresivos	50%

Recursos didácticos

A seguinte lista de repertorio serve soamente de guión no traballo diario do/a alumno/a, podendo variarse durante o curso por outras obras e estudos de igual ou parecido nivel para adaptarse ás necesidades da ensinanza individualizada do alumnado.

Estudos:

25 Estudos Fáciles e Progresivos / J. Lancelot / M. Trasatlantiques.

Método para Clarinete (1ª parte) / Antonio Romero / U. Musical Española.

Método Completo para Clarinete / H. Klosé / Música Moderna.

Die Fröhliche Klarinette Band 3/ R. Mauz / Ed.Schott

Obras:

Berceuse / G. Fauré

Romance / Dubois

La Clarinette Clasique B / J. Lancelot – H. Classens / M. Combre.

Play Gershwin / Alan Gout / Faber Music.

Petite Piece para Clarinete e Piano / C. Debussy / Durand

Divertimento nº 1 para clarinete e piano / W. A. Mozart /

El Clarinete en la Clase Colectiva vol. 1 / Ibañez Cursá / Rivera Editores.

Die Fröhliche Klarinette Spielbuch 3/ R. Mauz / Ed.Schott



6.4 Curso: 4º de G. E.

Obxectivos

- Consolidar unha posición corporal equilibrada de maneira que favoreza unha correcta interpretación.
- Controlar perfectamente o aire mediante a respiración abdomino-diafragmática ou baixa así como os músculos que interveñen na formación da embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación e calidade sonora.
- Emitir un son estable e de calidade en todo o rexistro coñecido do instrumento.
- Controlar as diferentes formas de articulación de acordo ao seu nivel en diferentes rexistros e dinámicas.
- Interpretar un repertorio básico de obras pertencentes a distintas épocas e estilos, en grupo e como solista.
- Dominar as escalas maiores e menores ata seis alteracións, así como a escala cromática con diferentes articulacións en todo o rexistro do instrumento coñecido.
- Interrelacionar os coñecementos adquiridos na clase de instrumento cos das materias de Lingua e Musical e Educación Auditiva.
- Memorizar fragmentos musicais extensos: unha peza curta, primeiro movemento dunha sonata...
- Desenvolver técnicas e rutinas de estudio eficaces.
- Desenvolver a capacidade de esforzo e superación ante as dificultades de aprendizaxe do instrumento.
- Participar nas audicións programadas durante o curso polo/a profesor/a correspondente



Contidos

- Práctica de exercicios de respiración con instrumento adoptando unha posición corporal equilibrada e fluidez na interpretación.
- Desenvolvemento do grao de tensión e pulo dos músculos que interveñen na respiración abdomino-diafragmática ou baixa.
- Práctica de exercicios que permitan un fortalecemento da embocadura para o correcto desenvolvemento de aspectos técnicos e interpretativos, tales como estabilidade sonora, afinación, articulación, fraseo...
- Práctica de escalas maiores e menores ata seis alteracións, así como a escala cromática en diferentes articulacións.
- Práctica de actividades e estudos para garantir unha flexibilidade interpretativa: dixitación, articulación, agóxica, dinámicas...
- Práctica de conxunto con outros instrumentistas, garantindo a adaptabilidade e integración nun grupo musical.
- Interpretación de pezas e estudos que engloben os aspectos técnicos e musicais tratados anteriormente.
- Interpretación dun repertorio moi básico de obras ou pequenas pezas pertencentes a distintas épocas e estilos, en grupo e como solista.
- Práctica de diferentes formas de articulación do son: ligado picado stacatto, subliñado, acentuación...
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora de acordo ao nivel do/da alumno/a.
- Práctica de escalas e intervalos para iniciarse na consecución da calidade sonora, precisión, flexibilidade e axilidade na dixitación e interpretación de escalas, estudos e textos musicais.
- Práctica de exercicios para o desenvolvemento da memoria na interpretación musical.
- Aprendizaxe dunha técnica de estudio eficaz.

Avaliación



O/a profesor/a avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de evaluación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A evaluación será continua, cualitativa e integradora e o/a profesor/a valorará de forma constante o progreso dos/as alumnos/as ao longo de todo o curso, así como as probas e audicións realizadas.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da evaluación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións públicas.
